

COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL

Parlamento de Galicia, 12 de xullo de 2019

Señor Presidente, señorías:

Nesta comparecencia semestral espero poder avanzarlles o estado dos traballos da futura Lei galega de acción exterior e de cooperación para o desenvolvemento, froito do compromiso adquirido na presentación da EGAEX nesta Cámara. Pero, como resulta ineludible en primeira instancia, comezo a miña intervención sintetizando antes de nada as viaxes oficiais, e primeiro o do **Presidente da Xunta** ao exterior.

Do 4 ao 10 de febreiro, o Presidente desprazouse aos Estados Unidos de América xunto cos conselleiros de Economía, Emprego e Industria e de Cultura e Turismo, mantendo encontros de eminente natureza económica, institucional e cultural en Miami e en Nova York, fomentando encontros de empresarios galegos, españois e tamén americanos (máis de 300), promovidos pola Cámara de Comercio de España en ambos destinos.

O feito de elixir os Estados Unidos como destino responde á unha previsión como a da EGAEX, que recolle no seu epígrafe 451 unha directriz como esta que cómpre lembrar.

Daquela non improvisamos. A elección de Florida como primeiro destino presidencial nos Estados Unidos fica motivado consonte coa EGAEX. Nós vémolos como o limiar para diversificar os mercados de bens, produtos e servizos galegos, para non concentrar tanto risco diante de hipotéticas crises no noso mercado interior por antonomasia, que é o mercado da UE.

Por se fose pouco, Miami está considerada a capital mundial do cruceiro, e non podemos obviar as posibilidades do naval galego neste eido, dado que na última década os EE.UU convertéronse no terceiro país do que proveñen máis peregrinos.

De aí que aspiremos a inaugurar novas vías de colaboración en sectores como o turismo, o naval ou o *contract* –de feito a delegación da Xunta foi acompañada dunha delegación de empresas galegas deste sector-. Pretendemos presentar ante empresarios locais o clima de estabilidade e as capacidades tecnolóxicas do tecido industrial galego, que fan a Galicia un territorio atractivo para o investimento dentro da UE. Asemade, tentamos iniciar unha axenda conxunta para promocionar o Xacobeo 2021; e, por suposto poñer en valor ao conxunto da emigración galega nos Estados Unidos.

Neste contexto, o Presidente tivo ocasión de manter un encontro co alcalde do condado de Miami-Dade, D. Carlos Giménez, co que abordou posibles vías de colaboración, tendo en conta o posicionamento de Miami no tráfico de cruceiros e no aeroportuario.

Esta axenda estendeuse ao encontro co alcalde de Miami, Francis Suárez, para a presentación de “*Symbols of the Way*”, acción de compoñente cultural en colaboración coa Consellería de Cultura para levar a cabo un plan que potencie o Camiño de Santiago desde Miami. Asemade puximos as bases para explorar unha posible conexión aérea entre Florida e Galicia.

Igualmente tivo encontros empresariais promovidos pola Cámara de Comercio, e con responsables do grupo Ritz-Carlton para dar continuidade á presenza deste armador en Galicia, ao tempo que permite abrir novas oportunidades. De feito, cómpre lembrar que a demanda de cruceiros presenta crecementos acumulados superiores ao 50% nos últimos dez anos e a previsión é que ata 2027 entren en funcionamento máis de 110 novos buques en todo o mundo, segmento no que os europeos aínda somos competitivos fronte á agresiva oferta asiática, nomeadamente chinesa e surcoreana.

O Presidente tamén visitou o porto de Miami, que aspira a alcanzar os dez millóns de pasaxeiros, co obxectivo de ubicar a Galicia como escala de referencia na costa atlántica, na porta de entrada de América a Europa, e seguir impulsando o sector turístico.

Asemade, a delegación galega reuniuse con empresas do sector *contract* ante as posibilidades que teñen no país tanto no ámbito residencial, como hospitalario ou turístico. Foi o caso do encontro con Marriot.

En Nova York, o Presidente inaugurou no Museo da Inmigración de Ellis Island a exposición do Consello da Cultura Galega ‘Os *adeuses*’, que é unha homenaxe á historia da nosa diáspora, e asinou un convenio para celebrar

nesta cidade en 2020 un simposio internacional único sobre o Camiño de Santiago.

A Illa de Ellis ten un dos museos da emigración máis importantes e representativos do mundo, por onde pasan anualmente riba dos catro millóns de turistas. Polo tanto estimamos que un millón e medio poderán coñecer a historia da emigración galega gracias a esta exposición.

Tamén se apoiou a presentación da programación cultural e académica galega no Instituto Cervantes de Nova York, e na que participarán académicos galegos tanto residentes en Galicia como no país americano. Todo esta actividade vai encamiñada a dar visibilidade á emigración galega nos EEUU.

En canto á sinatura do convenio anticipado, trátase dun acordo entre a Consellería de Cultura e Turismo -a través da Axencia de Turismo de Galicia- co IFA, “*Institute of Fine Arts*” (Instituto de Belas Artes de Nova York), para a organización do simposio “*Imaxinando o Camiño a Santiago: Itinerarios, narracións, mapas e visións*”, como promoción do Camiño de Santiago na megalópole por excelencia dun país-continente como os Estados Unidos.

Pola súa banda, o **Vicepresidente da Xunta** desprazouse a Lisboa o 13 de marzo co conselleiro de Cultura e Turismo, para se reuniren co ministro Adxunto e da Economía do país veciño, Pedro Siza Vieira, e coa secretaria de Estado de Turismo de Portugal, Ana Mendes Godinho. Neste encontro anunciaron a celebración dun cumio Galicia-Portugal, que terá por obxectivo buscar sinerxías e solucións a retos comúns como a modernización, a industria 4.0, os distintos sectores produtivos na Eurorrexión, os clústers transfronteirizos e a promoción conxunta de empresas no mercado internacional.

A maiores de acordar a organización deste cumio, a reunión co ministro portugués centrouse principalmente en abordar colaboracións en materia de turismo e Xacobeo. Unha das principais cuestións tratadas durante o encontro foi avanzar na coordinación nas accións vinculadas co Camiño de Santiago. Isto servirá tamén para compartir con Portugal as directrices que se están lavando a cabo en todas as Comunidades Autónomas polas que pasa a Ruta Xacobeana e para coordinar a sinalización dos itinerarios xacobeos no país luso.

Trátase dunha importante colaboración porque o Camiño Portugués é o segundo itinerario máis percorrido, escollido só no pasado ano por preto de 60.000 peregrinos. Ademais, despois da súa declaración como itinerario oficial,

o Camiño Portugués da Costa chegou a quintuplicar o número de peregrinos que pasan por el neste ano, e só en 2018 o incremento foi de case o 89%.

Este avance produciuse só unhas semanas despois de que o Goberno da República Portuguesa tivese aprobado o Decreto-Lei do Camiño de Santiago, para intentar regular as numerosas iniciativas de camiños xacobeos en Portugal, establecendo os criterios para lograr a súa certificación e, por tanto, o seu recoñecemento oficial coa marca *Caminho de Santiago*.

No encontro tamén se trataron outros asuntos de especial importancia, como a loita contra o declive demográfico. Do mesmo xeito, tamén se avaliou o estado das infraestruturas. Deste xeito, abordáronse temas como a mellora das conexións ferroviarias entre Vigo e Porto e o Corredor Atlántico do Noroeste.

Recentemente, entre o 21 e o 24 de xuño, o Vicepresidente visitou **Guinea Bissau e Senegal**, no contexto da cooperación galega para o desenvolvemento, acompañándoo eu como responsable desta área.

Debo lembrar ao respecto que a Xunta investiu desde 2009 preto de 1,5 millóns de euros en distintos proxectos de cooperación en Guinea Bissau, un dos países máis pobres do mundo e considerado como prioritario no IV Plan de Cooperación Galega (2018-2021).

Visitamos o centro CIDA, situado na propia cidade de Bissau, e construído e equipado con fondos da Xunta, en colaboración coa Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e co seu socio local, Asociación Guineana de Estudos e Alternativas (ALTERNAG). O Centro CIDA dedícase á prevención, diagnóstico e tratamento do VIH e tense convertido nun centro de referencia a nivel nacional, nun país coas taxas de prevalencia do virus máis altas de toda a África Occidental. Nas súas instalacións aténdese e realízase seguimento de máis de 1.300 persoas cada ano.

Logo desprazámonos ata a zona rural do norte do país, á rexión de Bafatá. Alí o Vicepresidente comprobou de primeira man o traballo que se desenvolve na escola primaria comunitaria de Sintchan Djida, que forma parte da Rede de escolas de autoxestión apoiada pola Xunta. Este proxecto desenvólvese en colaboración coa Asociación AIDA, Axuda, Intercambio e Desenvolvemento e cos seus socios locais: o Comité Nacional de Prácticas Nefastas para a saúde das mulleres e a Infancia (CNAPM) e a Asociación de amigos da Nenez (AMIC). Con esta iniciativa, búscase promover o dereito a unha educación inclusiva e de calidade e loitar contra a explotación infantil, entre outros fins. Fai

falla lembrar que en Guinea Bissau existe un importante problema de tráfico de persoas, que involucra moi especialmente aos nenos e nenas. Posteriormente, desprazámonos de novo ao norte de Guinea Bissau para inaugurar outra escola comunitaria de Cambara Djaube. Do mesmo xeito que a escola de Sintchan Djida da véspera, esta escola construíuse froito da colaboración entre a asociación AIDA e os seus socios locais.

Xa no Senegal, o Vicepresidente achegouse á comunidade de Medina Alpha Sadou, para visitar a horta comunitaria e a instalación piscícola construídas en 2017-2018, grazas ao financiamento da Cooperación Galega e ao traballo da Asociación AIDA e os seus socios locais, Federación camponesa KAFO, de Guinea, e Mouvement deas Jeunes pour a Paix et l' intégration (MJPI), do Senegal.

O peche da viaxe cadrou cunha visita na capital á clínica de tratamento de VIH Céu e Terras, posta en marcha con financiamento da Xunta en colaboración coa Asociación AIDA e a asociación local Céu e Terras. O centro presta asistencia directa, cun enfoque integral e inclusivo con perspectiva de xénero.

A **Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade** viaxou neste semestre a Bruxelas, o 8 de abril, xunto co seu director xeral de Mobilidade, e comigo mesmo, para tratar do Corredor Atlántico e do saneamento das nosas rías.

Os representantes da Dirección Xeral de Mobilidade e Transportes da UE avanzáronlle á Conselleira que a Comisión Europea convidaría á Xunta de Galicia a participar nos grupos de traballo que prevé crear para artellar o impulso do Corredor Atlántico de Mercadorías. Un compromiso que xa se materializou o 18 de xuño, cando a Xunta foi convidada a participar no 13er Fórum do Corredor Atlántico. Posteriormente, en relacionado con esta viaxe, o **Director Xeral de Mobilidade** volveu a Bruxelas o 18 de xuño, para asistir ao XIII Fórum do Corredor Atlántico, pertencente á rede de transporte transeuropea (rede TEN-T), co obxectivo de participar nos foros de debate sobre a próxima modificación do Regulamento UE 1316/2013. Nesa reunión, a Comisión Europea confirmou que a liña ferroviaria denominada “saída sur” de Vigo forma parte do trazado da Rede Básica europea de transportes, polo que conta con opcións de acceder aos fondos comunitarios da próxima convocatoria do ‘Mecanismo Conectar Europa’.

Tamén nesas reunións, a delegación galega expuxo o traballo que vén realizando nos últimos anos para acadar o saneamento das rías e ríos de

Galicia, un esforzo e un avance que foron recoñecidos de forma expresa pola Comisión Europa.

Así mesmo, no encontro con representantes da Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europa, os membros do Goberno galego e os responsables comunitarios abordaron as prioridades de traballo para o vindeiro período operativo de fondos Feder, no que se promoverán as infraestruturas sostibles para o uso eficiente da auga e de adaptación ao cambio climático.

O **Conselleiro de Cultura e Turismo** estivo en Escocia do 31 de xaneiro ao 3 de febreiro, xunto co director da AGADIC, para acompañar aos grupos galegos no SHOWCASE SCOTLAND -no festival de música CELTIC CONNECTIONS-, onde Galicia era convidada de honra. Ademais asistiu á colocación da Mouteira do Camiño de Santiago en Glasgow. Igualmente, participou no workshop organizado con axentes turísticos escoceses e galegos.

En Berlín, acompañado pola Directora da Axencia Galega de Turismo, asistiu á feira internacional de turismo ITB (Internationale Tourismus Börse) para promover o potencial do Camiño de Santiago e os recursos naturais e enogastronómicos galegos entre o 5 e o 7 de marzo.

Do 1 ao 3 de abril estivo en Bruxelas para a inauguración da Exposición dos Camiños de Santiago no Parlamento Europeo e colocar a Mouteira do Camiño alí mesmo.

Finalmente foi a Roma do 10 ao 12 de xuño para acompañar á Coral de Ruada na recepción do Papa, e aproveitou para realizar diversas reunións e visitas relacionadas co turismo en Galicia.

O derradeiro integrante do Consello da Xunta que viaxou ao exterior foi a **Conselleira do Mar**, que se desprazou a Bruxelas entre o 20 e o 22 de febreiro e do 6 ao 8 de maio, no primeiro caso para manter xuntanzas con diferentes cargos da DG MARE e tratar asuntos europeos de interese pesqueiro para Galicia, e no segundo para asistir á Feira anual *Seafood* Bruxelas.

Descendo como é costume ao **nivel de directores xerais e asimilados** da Xunta de Galicia, comezo polas viaxes do **Secretario Xeral de Emigración**, que ademais dos xa citados acompañando a outras autoridades, por razón das súas obrigas ordinarias de atención ás comunidades galegas, desprazouse a Nova York e Caracas do 19 ao 22 de xaneiro para desenvolver encontros coas nosas colectividades e con representantes das entidades galegas,

responsables das súas oficinas sociais e do Goberno español, e seguimento dos programas sociais e outros programas da Secretaría Xeral da Emigración.

Do 7 ao 12 de marzo viaxou a Bonn, Frankfurt e Núremberg, para verse coa colectividade galega e con representantes das entidades galegas, e autoridades. Alí presentou a Estratexia Retorna 2020 e concretamente o programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior 2019.

Do 14 ao 18 de marzo foi á Habana, Bos Aires e Montevideo co mesmo propósito que a Alemaña, así como o 14 de abril a Marsella.

En Brasil estivo do 5 ao 9 de xuño en Río, Santos e Sao Paulo, para atoparse coa colectividade galega e con representantes das entidades galegas e do Goberno español e seguir os programas da Secretaría Xeral de Emigración destinados aos galegos residentes no exterior. Asemade asinou convenios socioasistenciais, presentou da Estratexia Retorna 2020 e fixo promoción do Ano Santo entre as entidades galegas.

Por último, o Secretario Xeral de Emigración tornou a Bos Aires e Montevideo do 24 ao 26 de xuño, onde xunto cos encontros habituais, participou en actividades dirixidas á colectividade galega. Asinou convenios socioasistenciais no Uruguai co Hogar Español, coa Asociación Española Primera de Socorros Mutuos y Casa de Galicia, e na Arxentina co Centro Galego de Mar del Plata (centro de día). Presentou a Estratexia Retorna 2020 e reuniuse cos participantes do programa Conecta con Galicia 2019.

A **Directora Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa** foi a Bruxelas entre o 27 e 28 de marzo, para asistir a un encontro de representantes da Comisión Permanente do Foro de Goberno Aberto -da que Galicia forma parte a través de la DX de Avaliación e Reforma Administrativa- con responsables da Comisión Europea, para coñecer e afondar nas políticas europeas sobre transparencia e participación cidadá, así como dossieres que se están negociando nas institucións da UE. Cómpre dicir que a Comisión fíxose cargo de toda a financiación.

O **Director Xeral do IGAPE** estivo en Las Vegas do 7 ao 14 de xaneiro, para asistir á Feira CES (*Consumer Technology Association*), con startups galegas impulsadas pola *Business Factory Auto* (BFA). Trátase do maior evento a nivel mundial onde se dan a coñecer as innovacións tecnolóxicas de próxima xeración, polo que seis empresas impulsadas pola BFA puideron ter coñecemento delas e manter encontros profesionais con grandes

multinacionais do sector tecnolóxico. A mesma ten servido de referencia para a organización da MINDTECH 2019 (I Feira da Industria e Tecnoloxía de Galicia), en colaboración coa Asociación de Empresas do Metal. A mesma terá lugar en Vigo do 10 ao 12 de setembro de 2019.

Tamén estivo en Bruxelas o 27 de marzo para recoller o premio da Asociación Europea de Axencias de Desenvolvemento (EURADA) na categoría de “boa práctica de carácter excepcional do ano 2018”, outorgado á *Business Factory Auto* (BFA). Este galardón recoñece o bo facer da aceleradora galega do sector da automoción, que busca a posta en marcha e consolidación de proxectos especializados e a súa transformación en empresas innovadoras. É importante porque o outorga un xurado de expertos en desenvolvemento económico rexional.

A **Directora da GAIN** viaxou a Chicago do 30 de abril ao 2 de maio para asistir á feira XPONENTIAL 2019, con empresas e centros tecnolóxicos que participan no Polo Aeroespacial de Galicia.

Pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o **Director Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa** foi a Munich do 19 ao 23 de maio, para coñecer *in situ* o sistema alemán da FP Dual; visitou empresas e institucións alemás vencelladas coa FP Dual e desenvolveu relacións con empresas españolas participantes na viaxe, que teñen interese nesta modalidade de FP.

Pola Consellería de Cultura e Turismo a **Comisaria do Xacobeo** estivo en Cannes do 20 ao 25 de maio para a promoción do audiovisual galego, acompañando á película “O QUE ARDE” na súa participación no festival cinematográfico desa cidade francesa. Logo estivo en Nova York e Carolina do Norte do 26 de marzo ao 1 de abril, na XXII Reunión anual da Asociación *American Pilgrims on the Camino* e na presentación da mostra fotográfica “O Camiño de Santiago: Unha Experiencia contemporánea de Peregrinación”. Tamén se reuniu no Instituto Cervantes para preparar unha próxima exposición.

Asemade viaxou a Comisaria do Xacobeo a Guayaquil, do 10 ao 14 de maio, para os actos de inauguración da escultura de Santiago Apóstol, respondendo a un convite do Ayuntamiento de Guayaquil. Do 31 de maio ao 2 de xuño foi a Perugia, polo XXXI INCONTRO COMPOSTELLANO IN ITALIA do Centro Studi

e tutti i pellegrini, incluído unha reunión con alcaldes de Pistoia, Perugia e Caltagirone.

O **Secretario Xeral de Política Lingüística** estivo no Brasil do 3 ao 12 de xuño para participar no Congreso de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Niteroi. Presentou o libro “*Galicia do outro lado do Atlántico*” na Universidade de Bahía, e colaborou coa Secretaría Xeral de Emigración na promoción do Xacobeo e da Cultura Galega en Río de Janeiro, Santos e Bahía.

Pola Consellería de Medio Ambiente a **Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático** estivo en Bruxelas o 24 e 25 de xuño na *EU Regions for Multilevel Climate and Energy Dialogue*. Trátase dun encontro de traballo de alto nivel entre as principais rexións europeas implicadas no chamado Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía, o maior movemento mundial impulsado para unir forzas e buscar sinerxías entre as diferentes administracións competentes co obxectivo común de combater o cambio climático. Durante a xuntanza, os participantes puideron coñecer algunhas das mellores prácticas co fin de demostrar o poder que ten a gobernanza multinivel á hora de impulsar accións efectivas en materia de clima e enerxía.

Pola Consellería de Sanidade o seu Secretario Xeral Técnico foi a Dublín, Montevideo e Israel. No caso de Dublín, o 8 e 9 de xaneiro, para falar sobre os retos do envellecemento en Galicia no sector da tecnoloxía sanitaria. En Montevideo estivo entre o 30 de xaneiro e o 4 de febreiro, en visita ao Centro Casa de Galicia de Montevideo e para a realización da Auditoría da situación do seu hospital. En Israel estivo entre o 11 e o 15 de marzo, no *Learning Business* entre Goberno/empresas do sector sanitario de Israel e a Xunta de Galicia/Empresas do sector sanitario de Galicia.

Pola Consellería do Mar, a **Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica** viaxou a Boston, Nova York, Milán e Bruxelas. A Boston e Nova York do 17 ao 21 de marzo para asistir á *Seafood Expo North America* e visitar ao responsable de Gobernanza dos Océanos e Dereito do Mar da ONU. A Milán o 5 e 6 de maio para asistir á *Tuttofood*. E a Bruxelas o 7 e 8 de maio para asistir á *Seafood*.

O **Presidente de Portos de Galicia** foi a sendas feiras náuticas en Dusseldorf e Ámsterdam do 20 ao 23 de xaneiro e do 7 ao 9 de marzo.

A **Directora do Intecmar** foi o 28 e 29 de marzo a Bruxelas, ao Grupo de Traballo de Moluscos Bivalvos da UE organizado pola DG SANTE.

Pola **Consellería do Medio Rural o Director do AGACAL** (Axencia Galega de Calidade Alimentaria) viaxou a Núremberg o 13 e 14 de febreiro, en apoio á Delegación do CRAEGA, na maior feira de produtores de agricultura ecolóxica de Europa (Biofac).

Como tamén ven sendo habitual, no caso das viaxes ao Norte de Portugal, entendemos que se tratan de desprazamentos non estritamente exteriores, que adoitan durar menos dunha xornada e que tamén están relacionados con programas europeos nos que se incardinan estes contactos rutineiros coas autoridades e funcionarios portugueses.

Polo que a min mesmo atinxe, como **Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE**, a maioría das viaxes están vinculadas a actos do Comité Europeo das Rexións, e por conta del, ou pola miña responsabilidade como Director da FGE ou da AECT Galicia Norte de Portugal. Ademais da viaxe co Vicepresidente da Xunta a Guinea Bissau e o Senegal, debo dar conta da miña viaxe a Cuba do 19 ao 28 de xaneiro, no eido da cooperación.

Polos especiais lazos de unión entre Galicia e dito país, A Xunta de Galicia ven financiando nel actuacións de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria a través da subscrición de convenios colaboración e tendo contrapartes sólidas e solventes, como a Oficina do Historiador da Cidade da Habana, ou as axencias de Nacións Unidas, como UNICEF.

O volume de axuda canalizada ao país desde o 2004 ata o momento foi de 2.377.935 euros, distribuídos en 28 intervencións.. A distribución sectorial da axuda é moi diversa aínda que existe predominio da acción humanitaria e do sector de investimento no ser humano con proxectos de fortalecemento institucional a través de asistencia técnica e formación.

O motivo fundamental da viaxe realizada en xaneiro foi atender á invitación recibida de UNICEF para asistir ao acto oficial de entrega ás autoridades cubanas do Ministerio de Educación (MINED) dos equipamentos e subministracións necesarios para a restauración de tres Círculos Infantís (institucións de educación preescolar para nenos de entre 0 e 5 anos) no Municipio da Habana do Leste, dado que o MINED é o organismo encargado da restauración dos mesmos.

A raíz dos contactos establecidos nesta viaxe, o mes pasado asinouse un novo convenio con UNICE para apoiar a inclusión social e económica de nenos e adolescentes da Habana Vella, en Cuba, e proximamente un equipo técnico da Fundación CETMAR desprazarase á Illa para realizarse unha Identificación Participativa no ámbito da pesca artesanal e a acuicultura na Bahía de Cabañas (Provincia de Artemisa) e Caibarién (Provincia de Villa Clara).

Como lles anticipei, na nova Lei na que estamos traballando proporemos un novo formato de información e transparencia sobre viaxes oficiais ao exterior, para facilitar tamén a labor deste Parlamento. Espero daquela que sexamos capaces de acadar un amplo consenso, porque esa futura Lei está chamada a ser un pilar estratéxico da acción exterior galega que, por definición, debe ser unha acción exterior de país e con vocación de permanencia. Nela tomaremos en consideración as achegas externas, como a que está a facer a IGADI sobre a implementación da EGAEX.

Daquela, fico xa a súa disposición para calquera cuestión que desexen prantexar respecto do tema que aquí nos ocupa.

Moitas grazas.